Concello de AMES

**ACTA DE ESTUDO DE DOCUMENTACIÓN APORTADA POLO CLASIFICADO EN PRIMEIRO LUGAR E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN: FACTOR PREZO, DAS OBRAS MODIFICADO REPARACIÓN CAMIÑO AGRO DO MUÍÑO (ORTOÑO) E OUTROS. DTC 93 Adicional 1/2014**

Na Casa do Concello de Ames sendo as nove horas do día 21 de febreiro de dous mil dezasete, reúnese a Mesa de Contratación designada para a **CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN: FACTOR PREZO, DAS OBRAS MODIFICADO REPARACIÓN CAMIÑO AGRO DO MUÍÑO (ORTOÑO) E OUTROS.**

**ASISTENTES:**

**Presidente:**

Don José Blas García Piñeiro, concelleiro delegado de urbanismo, obras públicas e servizos básicos.

**Vogais:**

- Dona Concepción Vilas Cantelar secretaria accidental da Corporación.
- Dona Margarita Fernández Sobrino, interventora da Corporación.
- Don José Rogelio Pardo Martínez, xefe do departamento de contratación.

**Secretario:** Don Emilio Garrido Moreira, funcionario do departamento de contratación.

Constitúe o obxecto da presente reunión proceder ó exame da documentación aportada pola empresa clasificada en primeiro lugar no procedemento arriba indicado, ao obxecto de comprobar que a mesma cumpre cos requisitos necesarios para propoñer ó órgano de contratación a adxudicación da devandita obra.

Con data 26 de xaneiro de 2017 a Xunta de Goberno Local aprobou a clasificación de ofertas e requirir a presentación do correspondente aval e demais documentación, como paso previo e necesario, para adxudicar a devandita obra.

Dito acordo foille notificado a todos os licitadores, que tomaron parte no procedemento aberto de contratación.

Con data 14 de febreiro de 2017 a empresa clasificada en primeiro lugar, Obras y Viales de Galicia SL (OVIGA SL), presentou no rexistro xeral do Concello (rexistro de entrada nº. 000/1432) a documentación requirida para proceder á adxudicación definitiva.

A mesa de contratación analizada a documentación presentada polo clasificado en primeiro lugar considera que cumpre cos requisitos (constitución de aval, pago de anuncios, solvencia económica e técnica, etc.) necesarios para que lle sexa adxudicada a devandita obra.

Á vista da documentación presentada, a Mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

Trasladar ó órgano de contratación a proposta de adxudicación das obras do proxecto **"MODIFICADO REPARACIÓN CAMIÑO AGRO DO MUÍÑO (ORTOÑO) E OUTROS"** á empresa Obras y Viales de Galicia SL, con CIF B-15608193, nas condicións establecidas no acordo de clasificación de ofertas e no resto de condicións ofertadas pola empresa licitadora.

E non habendo máis asuntos que tratar o señor Presidente deu por rematado o acto sendo as nove horas e quince minutos, do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretario da mesma, certifico.